



ACTA DE CONSTITUCION DA MESA DE CONTRATACION PARA A CONTRATACIÓN, A TRAVÉS DE PROCEDIMENTO ABERTO, VARIOS CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN, PARA A XESTIÓN INDIRECTA A TRAVÉS DE CONCESIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, MODALIDADE DEPENDENTES VALORADOS E PRESTACIÓN BÁSICA .

Na Casa Consistorial do Concello de Tui e ás 9,00 horas do día 22 de xuño 2012, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, presidida por D. Moisés Rodríguez Pérez, actuando como vogais, o interventor do concello D. Aitor Iglesias Monzón, a secretaria do concello D^a. Irene Suárez López, a traballadora social do concello D^a Carmen M^a González Fernández, o concelleiro de Facenda e Patrimonio D. Marcelino Enrique Cendón Vázquez, actuando de secretaria da Mesa a funcionaria D^a María Jesús Blanco Martínez.

1.- Unha vez realizadas as Mesas de Contratación para apertura do sobre A "Documentación Administrativa" e admisión de propostas, acórdase admitir as seguintes empresas:

DENOMINACIÓN EMPRESA	ENDEREZO
IDADES, SL	R/ Michelena, nº 20-4 ^a A, 36002 Pontevedra.
CLECE, S.A.	Vía Hispanidad, nº 68-baixo, 36203 Vigo.
SOCISER GALICIA, SL	R/ Emilio Alonso Paz, nº 10-baixo. 36540 Silleda
SENEC CIT, SL	Rúa Vila de Carral, 22-baixo. 15002 A Coruña

2.- De seguido se procede a indicar os criterios de adjudicación establecidos na licitación, que son, de conformidade coa cláusula 10^a do prego de condicións administrativas:

Prezo de licitación: Importe máximo de 13,12 €/hora, sen IVE.

"(...) -**Criterios obxectivos de adjudicación: valoración de ponderación:**

1.- CRITERIOS TÉCNICOS:

a) Contía económica (global/ano) para adquisición de axudas técnicas para ser empregadas nos domicilios dos usuarios e que comprenderán a compra dalgún dos elementos da lista que se sinalan a continuación, ou outros análogos, que respondan a dotar de maior autonomía aos usuarios. De 0 a 30 puntos.

As axudas técnicas serán:

alzas bidet.	cinturón seguridade
arnés	codeiras antiescaras
asento xiratorio	dispositivo para cambios posturais
asento para baneira	elevador baneira
asento para ducha	elevador para inodoro
asento para inodoro ou bidet	grúa
barandillas abatibles cama	incorporador
talonerar antiescaras	mesa regulable en altura
butaca xeriátrica	sábana pixama
carro elevador	

Outorgarase a máxima puntuación (ata 30 puntos) ó licitador que oferte a maior contía económica (global/ano) para a adquisición das axudas técnicas arriba mencionadas e o resto distribuirase proporcionalmente mediante a seguinte fórmula:

$$P_i = \left(\frac{CAT_i}{CAT_M} \right) \times 30$$

Sendo:

P_i = puntuación outorgada ao licitador i.

CAT_i = Contía económica destinada á adquisición de axudas técnicas (global/ano) da oferta i.

CAT_M = Maior contía económica destinada a adquisición de axudas técnicas (global/ano) das ofertas presentadas.

b) Dispoñer dos seguintes servizos complementarios para os usuarios dos servizos que, sen custe para o Concello incidan directamente nos usuarios, os seus familiares ou os traballadores: de 0 a 30 puntos:

Terapia ocupacional
Fisioterapia
Enfermería
Psicoloxía
Podoloxía
Medicina xeral
Dietética-nutrición

Outorgarase a máxima puntuación (ata 30 puntos) ó licitador que oferte o maior número de servizos dos arriba mencionados e o resto distribuirase proporcionalmente mediante a seguinte fórmula:

$$P_i = \left(\frac{NSC_i}{NSC_M} \right) \times 30$$

Sendo:

P_i = puntuación outorgada ao licitador i.

NSC_i = Número de servizos complementarios da oferta i

NSC_M = Maior número de servizos complementarios das ofertas presentadas..



c) **Situación xeográfica dunha sede da empresa respecto ó Concello de Tui ou compromiso de instalación da mesma no caso de resultar adxudicatario do contrato.**

Ata 20 puntos se a empresa conta cunha sede no Concello de Tui, 10 puntos se conta cunha sede nun termino municipal limítrofe e 5 puntos se se atopa noutro municipio próximo.

2.-PROPOSICIÓN ECONÓMICA. Baixas ofertadas sobre o prezo/hora ata un máximo de 20 puntos.

Puntuarase con 0 puntos aquelas ofertas que propoñan o tipo establecido. Outorgarase a valoración máxima á oferta máis baixa. O resto das ofertas serán valorados proporcionalmente, de acordo coa fórmula seguinte:

$$V_i = \left(\frac{B_i}{B_{\max}} \right) \times \text{valoración} - \text{outorgada} - \text{a} - \text{oferta} - \text{económica} -$$

Sendo:

V_{in} : Puntuación da oferta i

B_i : baixa da oferta i . Donde $B_i = \text{Tipo} - O_i$; sendo *Tipo* o tipo da licitación e O_i é a oferta da empresa i .

B_{\max} : baixa da oferta máis favorable. $B_{\max} = \text{Tipo} - O_b$; onde *Tipo* é o tipo da licitación e O_b é a oferta económica máis baixa

Establécese preferencia de adxudicación do contrato, en igualdade de valoración, para as proposicións presentadas por aquelas empresas públicas ou privadas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica, teñan no seu cadro de persoal un número de traballadores discapacitados non inferior ao 5% para o suposto de empresas de 50 ou máis traballadores fixos, sempre que ditas proposicións igualem nos seus termos á máis vantaxosa dende o punto de vista dos criterios obxectivos que sirvan de base para a adxudicación. "

3.- Pola Mesa de Contratación se procede á apertura do sobre B "Proposición Económica", co seguinte resultado:

- **IDADES, SL.**, que ofrece:

* **Criterios técnicos:**

- Adquisición de axudas técnicas: Totaliza 2.025,00€.
- Servizos Complementarios: Todos.
- Situación oficina: En Tui.

* **Baixa económica:** Prezo de 12,19€/hora, excluído IVE.

-CLECE, S.A., que ofrece:

* **Criterios técnicos:**

- Adquisición de axudas técnicas: Totaliza 6.000,00€.
- Servizos Complementarios: Todos.
- Situación oficina: En Tui.

* **Baixa económica:** Prezo de 12,94€/hora, excluído IVE.

- SOCISER GALICIA, SL, que ofrece:

* **Criterios técnicos:**

- Adquisición de axudas técnicas: Totaliza 4.438,00€.
- Servizos Complementarios: Ofrece 3.
- Situación oficina: En Porriño.

* **Baixa económica:** Prezo de 13,05€/hora, excluído IVE.

-SENES CIT, SL, que ofrece:

* **Criterios técnicos:**

- Adquisición de axudas técnicas: Totaliza 5.000,00€.
- Servizos Complementarios: Ofrece 5.
- Situación oficina: En Tui.

* **Baixa económica:** Prezo de 13,10€/hora, excluído IVE.

- Emitido informe pola traballadora social, se emite a seguinte valoración:

DENOMINACIÓN EMPRESA	Axudas Técnicas	Servizos Complement.	Situación oficina	Baixa Económica	Total
IDADES, SL	10,12 puntos	30,00 puntos.	20 puntos.	20,00 puntos	80,12
CLECE, S.A.	30,00 puntos	30,00 puntos.	20 puntos.	3,87 puntos	83,87
SOCISER GALICIA, SL	22,18 puntos	12,85 puntos.	10 puntos.	1,50 puntos	46,53
SENES CIT, SL	24,99 puntos	21,42 puntos.	20 puntos.	0,43 puntos	66,84

Á vista das puntuacións obtidas polas empresas licitantes, a Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda propoñer á empresa " **CLECE, S.A.**", CIF A80364243, con enderezo en Vía de la Hispanidad, nº 68-baixo, 36203 Vigo, como adxudicatario do contrato, por ser a proposta máis vantaxosa, que se eleva ó órgano de contratación para requirir ó licitador proposto que presente a documentación xustificativa de conformidade co artigo 151 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.



De seguido se estende a presente acta, que trala súa lectura é asinada por tódolos asistentes, do que eu secretaria, dou fe.

A MESA DE CONTRATACION.

O ALCALDE

A SECRETARIA DA MESA

Asdo: Moisés Rodríguez Pérez

Asdo. M^a Jesús Blanco Martínez

VOGAIS:

O INTERVENTOR

A TRABALLADORA SOCIAL.

Asdo: Aitor Iglesias Monzón.

Asdo: Carmen María González Fernández

O CONCELLEIRO DE FACENDA
E PATRIMONIO

Asdo: Marcelino E. Cendón Vázquez

